
Emprego no Convenio Colectivo

O emprego debe ser un dos puntos fortes de calquera Negociación Colectiva, máis aínda no caso de Telefónica tendo en conta a destrucción de emprego ocasionada polo ERE. Hai que recordar que o emprego que se debería crear coa aceptación do ERE, foi parar en parte para Data e Terra (con condicións de traballo moi distintas ás nosas) o que é unha burla aos traballadores.

Convén lembrar tamén que este ERE despediu máis de 13000 traballadores, nunha empresa que pasou de 75000 a menos de 30000 traballadores nos últimos 15 anos, tendo uns enormes beneficios nos últimos anos (o incremento nos beneficios do ano 2007 foi do 43 %). Por eso debemos ser ambiciosos nos nosos obxectivos e poñer o Emprego como elemento importante na negociación.

Os sindicatos presentes na Mesa de Negociación deben negociar cando menos as propostas da Plataforma que se presenta, e non deixarse chantaxear pola empresa. É evidente que esta Plataforma "unitaria" é un documento "de mínimos" nos puntos esenciais, pero se aínda permitimos recortes o resultado da negociación será pésimo. Por eso non se entende que cando se fala do Emprego na Mesa de Negociación, a maior parte dos sindicatos se limitan á esixencia do mantemento do actual emprego e á non mobilidade xeográfica forzosa, esquecendo outras propostas que a propia Plataforma inclúe:

- Non segregación de actividades.
- Creación de novo emprego.
- Descentralización de actividades.
- Opción ao traballador no caso de despido improcedente.

A política da empresa ate agora e abondo coñecida: Concentración dos centros de traballo, externalización de actividades, deslocalizacións... Se os traballadores non somos quen de cambiar esta dinámica o noso futuro presentase moi negro.

Tras as seis reunións da Mesa de Negociación, podemos observar unha postura inflexible por parte da empresa en varios puntos moi perigosos para os nosos intereses, e podemos ver tamén respostas cada vez mais ambiguas por parte dos sindicatos que asinaron o anterior convenio e o ERE.

Antes de que sexa tarde para reaccionar os traballadores deberíamos tratar de cambiar esta dinámica de Negociación, presionando aos nosos representantes para que de verdade defendan os nosos intereses, e non acaben asinando novos recortes nos nosos dereitos.

Ante esta situación haberá que ir pensando en medidas de forza e presión para modificar a actitude prepotente da empresa.

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Non te limites a escoitar, faite oír.